

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Na Casa das Crechas, en Santiago

Nova vida sobre o escenario para as 'Palabras contadas' de Camilo Franco

O escritor volve sobre o seu libro de relatos acompañado de Magín Blanco en catro luns de narracións, música e improvisación.

Redacción - 12:00 05/10/2009

Primeiro foi o libro, [Palabras contadas](#), unha colección de microrrelatos editada por Xerais no 2006. Despois chegou a [exposición na Fundación Luís Seoane da Coruña](#), a xira de actuacións por todo o país e un videoclip asinado por Antón Reixa. Dous anos despois de darlle nova vida ao seu libro de relatos na forma dun espectáculo narrativo-musical, Camilo Franco volve acompañado de Magín Blanco a presentar o seu espectáculo en directo, nunha nova versión ao longo dos catro luns de outubro.

A volta de *Palabras contadas* prodúcese este luns 5 ás 22.30 horas na Casa das Crechas, de Santiago de Compostela. Virán logo os outros tres luns de outubro, ao longo dos que Franco e Blanco desenvolverán a “versión estendida” do seu espectáculo. O único que non cambiará son os protagonistas. A música, os relatos e as improvisacións mudarán cada noite.

Camilo Franco descríbeos como “catro luns de outubro, como nunha película británica de espías, catro luns seguidos para explicarse ben, para que o espectadores participen polo morro nun relato que comezará o primeiro e rematará o último coas achegas dos asistentes”. Ese relato que o escritor creará a medias co público servirá para construír unha historia que concluirá o 26 de outubro. O espectáculo complétase coa proxección de [Amor e fluídos](#), o “primeiro videoclip da narrativa galega” que realizou Antón Reixa a partir do relato homónimo de Camilo Franco.